



CONVOCATORIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ADHESIÓN DE EMPRESAS E ENTIDADES DO NORTE DE PORTUGAL AO PROGRAMA DE BOLSAS PARA PRÁCTICAS NO ÁMBITO DA REDE EURES TRANSFRONTEIRIZO DE GALIZA E NORTE DE PORTUGAL

BASES

1. OBXECTIVO

Seleccionar aquelas empresas e entidades ubicadas na rexión Norte de Portugal que ofrezan os planos formativos máis adecuados e as mellores condicións xerais para o desenvolvemento de prácticas externas extracurriculares, coa finalidade de conformar a oferta dunha posterior convocatoria de 10 bolsas de dous meses de duración (xullo-agosto) para estudantes de calquera das titulacións oficiais de grao impartidas na Universidade de Vigo.

2. DESTINATARIOS E REQUISITOS

Empresas e entidades con sede social en Portugal e centros de traballo ubicados nalgún dos distritos que se relacionan de seguido, que pola súa cercanía ao contexto xeográfico da Universidade de Vigo permitan aos seus estudantes o desfrute dun período de prácticas con carácter transfronteirizo.

- Viana do Castelo
- Braga
- Oporto
- Vila Real

Para adherirse ao programa deberán:

- Estar legalmente establecidas.
- En relación ao plano formativo que se propón, contar con persoal cun nivel de estudos e unha cualificación profesional adecuados para a titorización dos estudantes en prácticas que se reciban.

4. OBXECTO:

- Todas as propostas que cumpran os requisitos sinalados no punto anterior desta convocatoria conformarán a oferta que será obxecto doutra convocatoria posterior entre o alumnado da Universidade de Vigo para o desfrute de 10 bolsas vencelladas á realización de prácticas externas extracurriculares nesas empresas/entidades. A elección das empresas recaerá nos 10 estudantes con mellor expediente segundo establezan as bases da convocatoria.
- A Universidade de Vigo fará fronte aos custos e á xestión dos pagamentos das bolsas así como aos relativos á encadramento e cotización á Seguridade Social dos estudantes en prácticas.



- Cada bolsa asignada ao alumnado, abonarase a cargo da Universidade de Vigo e estará dotada cun coste económico total por beneficiario de 800€ máis os derivados da Seguridade Social.
- O período de desenvolvemento das prácticas abranguerá obrigatoriamente dende o 1 de xullo de 2017 até o 31 de agosto de 2017 e o réxime de dedicación será de 25 horas semanais das que, cando sexa necesario para facilitar o carácter transfronteirizo das mesmas, poderán realizarse con carácter non presencial ata un 30%.

SOLICITUDES

As solicitudes deberán cumplimentarse antes das 14:00 (hora española) do día 20 de maio de 2017 no formulario establecido ao efecto e dispoñible na web da Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo http://emprego.uvigo.es/emprego_gl/eures/practicas/.

Cada empresa/entidade poderá solicitar a acollida en prácticas dun máximo de 3 estudantes por centro de traballo. Unha empresa/entidade poderá acoller a máis de un estudante unicamente no caso de que o número total de empresas solicitantes unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes sexa inferior a dez.

Nesta solicitude poderán as empresas manifestar o seu interese en participar en outros programas en prácticas, e de xeito particular a súa adhesión ao programa Erasmus Prácticas.

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento desta convocatoria constituirase unha comisión formada por:

- A vicerreitora de Estudantes ou a persoa na que delegue.
- O vicerreitor de Relacións Internacionais ou a persoa na que delegue.
- Dous coordinadores de prácticas externas de áreas de coñecemento distintas.
- Unha persoa en representación de EURES-T.

OBRIGAS DAS EMPRESAS/ENTIDADES:

A presentación dunha solicitude a esta convocatoria supón o compromiso da empresa a:

- Asinar un convenio de cooperación educativa para a realización de prácticas académicas externas coa Universidade de Vigo.
- Acoller en prácticas durante os meses de xullo e agosto ao estudante seleccionado pola Universidade de Vigo en convocatoria pública.
- Cumprir co programa formativo incluído no Anexo I.



RESOLUCIÓN

- A Vicerreitoría de Estudantes resolverá, a proposta da comisión, a listaxe de empresas admitidas que conformarán a oferta de que será obxecto doutra convocatoria posterior entre o alumnado da Universidade de Vigo para o desfrute de 10 bolsas vinculadas á realización de prácticas externas extracurriculares nesas empresas/entidades.
- As bases desta convocatoria para estudantes da Universidad de Vigo, redactaranse de tal xeito que se concrete nunha oferta global de prácticas que cubra tódolos ámbitos de coñecemento da Universidade de Vigo procurando a seguinte proporción:
 1. Artes e Humanidades - 1 praza
 2. Ciencias da Saúde - 1 praza
 3. Ciencias - 2 prazas
 4. Xurídico social - 3 prazas
 5. Enxeñaría - 3 prazas